

ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

A organización e xestión do centro realízase a través da seguinte estrutura:

- Órganos de goberno colexiados: Claustro de Profesorado e Consello Escolar.
- Órganos unipersoais de goberno: Dirección, Vicedirección, Secretaria e Xefatura de Estudos.
- Órganos de coordinación pedagóxica: Departamentos didácticos, CCP - Comisión de Coordinación Pedagóxica-, Coordinación FCT, Equipo dinamización da lingua galega, Equipos docentes, Equipos de dinamización.
- PAS - Persoal de Administración e Servizos.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/8391>

<http://www.edu.xunta.gal/fp/normativa>

<http://www.edu.xunta.gal/fp/ordenacion-academica-das-ensinanzas-fp>

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO.

CONSELLO ESCOLAR.

O Consello Escolar é o órgano de xestión do centro onde están representados o alumnado, profesorado, pais/nais, PAS e o Concello de A Illa de Arousa.

CLAUSTRO DE PROFESORADO.

É o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, se é o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro..

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO.

Os órganos unipersoais de goberno constitúen o equipo directivo do Instituto. Realizarán as súas funcións de xeito coordinado.

DIRECCIÓN. representación oficial do centro, dirixir e coordinar todas as actividades, ostentar a xefatura de persoal e xestionar os medios materiais e humanos.

VICEDIRECCIÓN, por delegación da dirección ten as responsabilidades relacionadas coa planificación e xestión das actividades complementarias e extraescolares e a coordinación do SXC

SECRETARÍA, por delegación da dirección ten as responsabilidades relacionadas coa xestión económica e co persoal non docente.

XEFATURA DE ESTUDIOS. Ostenta por delegación da dirección, as responsabilidades relacionadas co persoal docente, o alumnado e a planificación e xestión da docencia.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA (CCP)

Son membros da CCP: Dirección, Xefatura de estudos, Xefaturas departamentos didácticos, Coordinación da FCT, Coordinación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega EDLG e Coordinación da Formación para o Emprego. As funcións mais salientables son: propoñer criterios pedagóxicos para elaboración dos horarios, impulsar criterios comúns na elaboración das programacións de módulos e informar sobre as enquisas de avaliación do centro que realizan as empresas de FCT e o alumnado.

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Os departamentos didácticos son os órganos básicos con competencias na planificación e xestión da docencia do seu departamento, encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas dos módulos profesionais.

Os departamentos didácticos do centro son:

- **Departamento de cultivos acuícolas**, inclúe a todo o profesorado que imparte módulos técnicos de cultivos.
- **Departamento de mergullo**, inclúe a todo o profesorado que imparte módulos técnicos de mergullo.
- **Departamento de orientación laboral** constituído polo profesorado que imparte módulos transversais, comúns a tódolos ciclos formativos.
- **Departamento da formación para o emprego**, constituído polo profesorado que imparte materias nos cursos de Marisqueo e Recolector de Recursos específicos con técnicas de mergullo.

EQUIPOS DOCENTES

Os equipos docentes están formados polo profesorado que imparte módulos en cada grupo de alumnado, están coordinados polo titor@ do grupo e a súa función mais importante é analizar o rendemento, evolución e comportamento do alumnado do grupo, resolvendo os conflitos que puideran xurdir no grupo.

COORDINACIÓN DE FCT

A Coordinación da FCT, está considerada como un departamento didáctico a efectos económicos. Neste departamento se executa o procedemento de asignación de empresa ao alumnado para realizar as súas prácticas no mundo laboral. No procedemento están implicados os equipos docentes de cada grupo.

EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

Neste equipo está representado o profesorado, alumnado e o persoal de administración e servizos. A función primordial é a organización de actividades que potencien o uso da lingua galega.

EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DE APOIO Á DOCENCIA E AOS TITULADOS

Os equipos de dinamización (ED) contribúen ao desenvolvemento da docencia e de apoio aos titulados. Son os seguintes:

- ED da Biblioteca (EDB). Asesoramento do uso da bibliografía tanto dixital como en papel, xestión de préstamos.
- ED da Promoción do centro (EDPC). Atender as visitas que se realizan ao centro e visitar outros centros para dar a coñecer as nosas ensinanzas.
- ED do Uso das TICs (EDTIC). Acompañar aos usuarios no uso da aula virtual e de aplicacións.
- ED da Inserción laboral (EDIL). Acompañar e asesorar aos titulados na utilización da bolsa de emprego.
- ED de Proxectos nacionais e internacionais (EDPNI). Xestionar coa dirección do centro os Proxectos que se presentan tanto de carácter nacional como internacional.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

O persoal de administración e servizos (PAS) cumpre unhas funcións importantes que contribúen ao desenvolvemento da formación. As funcións mais relevantes dos distintos colectivos son as seguintes:

ADMINISTRATIVOS E AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, as funcións mais salientables son as xestións administrativas relacionadas co desenvolvemento da docencia e a preparación da documentación da xestión económica.

CONSERXERÍA, as funcións mais relevantes son o control de acceso ao centro, a custodia das chaves das distintas dependencias, xestións fora do centro, así como a recepción de mercancía.

AUXILIARES DE PLANTA E LABORATORIOS.

O persoal que forma parte deste colectivo rota periodicamente polas 5 seccións do centro: Cultivos auxiliares, Peixes, Moluscos, Crustáceos e Acuarioloxía e Técnicas Analíticas e Control Sanitario. A función mais relevante é o mantemento dos cultivos en coordinación co profesorado da sección para facilitar o desenvolvemento das prácticas dos módulos.

OFICIAIS DE MANTEMENTO, hai 3 oficiais de mantemento, un deles posúe a formación requirida para realizar o mantemento dos equipamentos e instalacións de mergullo e os outros dous realizan o mantemento e control das instalacións xerais e de acuicultura.

TRIPULACIÓN, constituída por patrón e mariñeiro, manexo das embarcacións do centro para transportar materiais e persoas ás estruturas flotantes e apoiar coa embarcación ao profesorado de mergullo nas prácticas.